

Grao en Lingua e literatura galegas

AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao de Lingua e Literatura Galegas

Curso académico 2023-2024

Grao en Lingua e literatura galegas

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
- [Dimensión 1. A xestión do título](#)
- [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
- [Criterio 2. Información e transparencia](#)
- [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
- [Dimensión 2. Recursos](#)
- [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
- [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
- [Dimensión 3. Resultados](#)
- [Criterio 6. Resultados de aprendizaxe](#)
- [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)

Grao en Lingua e literatura galegas

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Grao en Lingua e literatura galegas
Mencións/Especialidades	**Mencións/Especialidades**
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Estudo presencial
Curso de implantación	2009
Data acreditación ex ante (verificación)	15/09/2017
Data renovación acreditación	28/11/2023

Grao en Lingua e literatura galegas

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O plan de estudos do Grao en Lingua e Literatura Galegas (GLLG) mantén a súa relevancia no sistema universitario, atendendo ós requisitos esixidos tanto no seu ámbito profesional coma no académico e científico. As accións de actualización desenvolvidas nos últimos cursos (tanto na introdución de novas materias en substitución doutras coma de cambio de curso de impartición de algunhas outras) estiveron encamiñadas a mellorar a preparación do alumnado tanto no que se refire á súa formación académica coma á súa potencial incorporación ó mundo laboral.

En relación coa adecuación do título ás saídas laborais dos/as graduados/as do GLLG, estas continúan a ser o ensino (docencia na Educación Secundaria e docencia en lectorados de universidades fóra do sistema universitario galego) e a investigación (vinculada á docencia universitaria e en centros públicos de investigación en humanidades e ciencias sociais). A estas hai que engadir aquelas outras vinculadas ós Servizos de Normalización das diferentes institucións públicas, ó mundo editorial e á prensa. Na actualidade os especialistas en lingua galega teñen tamén un papel importante en todo o relacionado coas novas tecnoloxías. Con todo, a docencia no ensino obrigatorio das materias de lingua e literatura galegas é o principal destino profesional do alumnado do GLLG. Nos últimos anos, co incremento do número de prazas ofertadas nas convocatorias de oposicións foron moitos/as os/as graduados/as que, unha vez superado o Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e bacharelato, se incorporaron ós cadros de persoal dos centros de ensino medio. No 2022 convocáronse 121 (acumuladas as convocatorias 2021 e 2022 por mor da pandemia), no 2023 baixaron a 5, debido a que ese ano se dedicou a consolidar o profesorado non funcionario, mais no 2024 foron convocadas 80 prazas para ensino secundario e 7 para escolas de idiomas e para 2025 están convocadas 77 prazas para ensino secundario e 7 para escolas oficiais de idiomas. Tamén se seguen a convocar as prazas de lectorados en 2021 convocáronse 11 prazas en universidades de fóra do sistema universitario galego, en 2022 convocáronse 5, no 2023 foron 3, no 2024 outras 5 prazas. Hai que ter en conta que estas prazas teñen unha duración máxima de 3 anos e, polo tanto, o número que se convoca cada ano varía en función do remate dos contratos.

Esta previsión de oferta elevada de emprego público manterase no futuro á vista das previsións de vacantes por xubilación no profesorado de Lingua e Literatura Galegas en secundaria (no ensino público). Segundo os datos da Subdirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Educación, no período 2020-2030 os postos vacantes alcanzarán a cifra de 579.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas

Grao en Lingua e literatura galegas

sucesivas modificacións.

- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante este curso non se produciron modificacións na oferta de módulos e materias do GLLG. A estrutura de módulos e materias mantense de acordo co establecido na MV coas únicas propostas de modificación que se realizaron en cursos anteriores: (2015-16, 2016-2017) e (2017-18, 2019-2020). Estas modificacións foron descritas polo miúdo no anterior IS.

Ó longo do curso 2022-2023, levouse a cabo o Informe de renovación (IRA) con avaliación favorable e onde se indica que “El título mantiene el **interés académico** y está actualizado según los requisitos de la disciplina, avances tecnológicos y científicos, necesidades socioeconómicas y requisitos de la profesión. Además, se trata de una titulación única en el Sistema Universitario de Galicia”. Con todo, seguindo as recomendacións do Informe provisional de avaliación do IRA 2021-22, a Comisión Académica do GLLG de 17 de novembro de 2023 e a Comisión de Calidade do centro o 21 de novembro aprobaron propoñer unha mellora (AM-01).

Con relación ó tamaño dos grupos teóricos, os datos dos que dispoñemos só chegan ata o 2018. Pero parece evidente que, dado que a matrícula se mantén estable ó longo destes anos, a media dos grupos teóricos non sexa moi diferente (27,9) (IN31G). En canto á media nos grupos interactivos mellora lixeiramente con respecto aos cursos anteriores, cunha media de 25,17 alumnos (25,61 en 2022-23 e 27,25 en 2011-22 (IN32G).

A media de estudante matriculados nas materias FB e OB é de 56.43 (IN55G), unha media que se mantén na liña dos cursos anteriores. É isto mesmo cabe indicar tamén da pequena diminución que se observa no alumnado matriculado en materias optativas por grupo de teoría (expositivas) 32,33 (IN56G).

Estes datos corroboran tamén a valoración positiva que se fai no IRA 2022 “Las **actividades académicas** se desarrollan, en general, conforme a lo previsto y permiten la adquisición de las competencias propias de cada título. El tamaño de los grupos es adecuado a las actividades formativas. El desarrollo de las actividades académicas, metodologías docentes, sistemas de evaluación y calificación, permiten la consecución de las competencias previstas”.

En relación coa participación do alumnado en programas de mobilidade, tanto entrante coma saínte, o número de participantes, dada a singularidade da titulación, é baixo. Neste curso houbo un estudante procedente do programa de mobilidade Erasmus (IN18G). En canto á participación de estudantes do GLLG en programas de mobilidade, no curso 2023-2024 realizáronse 6 estadias de intercambio dentro do programa Erasmus (**IN.FAC.01**).

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Grao en Lingua e literatura galegas

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O CLLG desenvolve a súa docencia de maneira totalmente presencial. Dispón de mecanismos de coordinación tanto vertical como horizontal. Das diferentes coordinacións son responsables: a coordinación de grao, os/as coordinadores/as de cursos e os/as coordinadoras de materia.

Na coordinación horizontal é moi importante o traballo dos/as coordinadores/as de curso que se responsabilizan de revisar os programas para evitar posibles erros, centrándose sobre todo no sistema de avaliación proposto polo/a profesor/a. Tamén se encargan de organizar reunións co alumnado do curso que coordinan. Destas reunións elabórase un informe que se fai chegar ó profesorado.

Naqueles casos en que hai máis dun docente para unha materia, hai un coordinador/a da materia que é o encargado/a de convocar reunións semanais con todo o profesorado da materia para garantir un traballo semellante en todos os grupos.

Ofrécense prácticas externas en institucións públicas, relacionadas con investigación, en editoriais e outras empresas privadas e en servizo de normalización lingüística. No GLLG as prácticas non son obrigatorias, aínda así pódese constatar que nos últimos anos se produciu un incremento do alumnado que as solicita e que obtén unha taxa de rendemento, avaliación e éxito do 100% (IN.FAC.02).

2018-19	2019-20	2021-22	2022-23	2023-24
3	3	7	14	8
3 SOBR	1 MH 1 SOBR 1 NOT	1 NOT 6 SOBR	1 MH 13 SOBR	1 MH 6 SOBR 1 NOT

A valoración por parte do alumnado é moi positiva, 4,28 (IN19G). Neste curso solicitaron a realización de prácticas externas 10 estudantes, aínda que, por diversas razóns, finalmente só 8 as completaron, con moi bos resultados.

Ó longo do desenvolvemento das prácticas os titores/as profesionais e académicos/as mantéñense en contacto para resolver calquera incidente que se poida producir.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2023-24 accedieron ó GLLG 46 estudantes. O número inicial de solicitudes foi de 189 para 50 prazas ofertadas. A nota media de acceso do alumnado que se presentaron á EBAU foi de 9,31. O 95,83 % do alumnado accedeu ó grao cunha nota superior ou igual a 6 (IN07G). Mellora tamén a nota media de acceso por preinscrición (9,53), a máis alta dos últimos anos (IN06G). Cómpre destacar que as solicitudes como primeira opción supuxeron o 27% (INF_CIUG_2023_24), pero é importante, sobre todo, que o 87% delas formalizaron a matrícula no GLLG. Dadas as características do grao, é bastante habitual non ter alumnado estranxeiro (IN08G) e moi poucos de fóra da comunidade, este curso só representa o 1,49% (IN09G). Polo tanto, o alumnado que se matricula no GLLG procede case totalmente da Comunidade autónoma de Galicia.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de

Grao en Lingua e literatura galegas

créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A normativas de aplicación á docencia de grao están actualizadas e son aplicadas en todos os casos (normativa de permanencia, sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, normativas que afectan á docencia e á avaliación, traballos de fin de grao e de realización de prácticas externas, así como todos os restantes aspectos que afectan á formación do alumnado de grao). Estas normativas son aplicadas de maneira sistemática, non observándose incidencias nin desviacións mencionables, como o mostra que non se producen queixas nin reclamacións durante o curso 2023-2024. O impacto da aplicación destas normativas no desenvolvemento e nos resultados da actividade formativa é o esperado, na liña do observado nos cursos anteriores, como se pode comprobar polos indicadores de resultados (taxas, valoración de satisfacción de alumnado e profesorado, etc.).

Grao en Lingua e literatura galegas

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante para todos os grupos de interese actualízase convenientemente e está publicada na web da Facultade de Filoloxía (<https://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/index.html>) e mais na da USC (<http://www.usc.gal/>). Neste curso non se produciron modificacións importantes na presentación nin nos procedementos de información na web da Facultade de Filoloxía. Desde este curso, actualiza semanalmente a información sobre actividades académicas e actividades culturais a través do Boletín informativo semanal que se proxecta nas pantallas colocadas en diferentes zonas do centros <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/boletin-informativo-semanal>

Os sitios en que o alumnado interesado pode encontrar información específica sobre o GLLG son:

- a) Páxina con información xeral descritiva sobre o GLLG: <https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/artes-humanidades/grao-lingua-literatura-galegas>. Nesta páxina pode encontrarse información sobre:
 - Presentación
 - Plan de estudos por curso
 - Plan de estudos por módulos
 - Oferta e admisión
 - Recursos materiais
 - Obxectivos e competencias
 - Mobilidade e prácticas
 - Saídas profesionais
 - Traballo de Fin de Grao
 - Equipo docente
 - Indicadores de calidade
 - Información adicional sobre o grao de Lingua e Literatura Galegas
 - Hai tamén información de carácter xeral sobre admisión e matrícula, normativa, bolsas e axudas, Biblioteca de Filoloxía, vídeo explicativo sobre a estrutura dos graos de Filoloxía.
- b) O GLLG conta tamén cun blog mantido pola coordinación do grao e pola dirección do Departamento de Filoloxía Galega no que se ofrece información de interese sobre a titulación e sobre actividades relacionadas: <https://graogalegousc.wordpress.com>. Ademais, mantense unha páxina de Facebook: <https://www.facebook.com/graoenlinguaeliteraturagalegas>
- c) A coordinación do GLLG utiliza a aula virtual de coordinación como ferramenta de comunicación co alumnado. Por medio desta vía fáiselle chegar información sobre os TFG (elección de liñas, procedemento de avaliación,

Grao en Lingua e literatura galegas

cursos de formación e calquera outra actividade que sexa de interese), sobre o módulo de orientación laboral e o curso de competencias en información, bolsas de colaboración, prácticas profesionais, concursos literarios, diferentes convocatorias e outras cuestión de potencial interese para o alumnado do grao.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2023-24 seguiuuse, de acordo cos procedementos establecidos, coa recolleita e análise da información, detección de debilidades e propostas de acción de mellora e seguimento das mesmas.

A comisión de título do GLLG e a Comisión de Calidade do Centro realizaron o seguimento do desenvolvemento e Mellora do título (vid. Actas correspondentes). Na páxina web do centro pódense consultar as composicións das comisións: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/calidade/organos-sistema-garantia-calidade>

Desde a facultade realizouse unha enquisa de elaboración propia:

Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para a captación de alumnado: enquisas ós estudantes de primeiro curso de grao co fin de coñecer a súa procedencia xeográfica, cales son os seus intereses e a motivación para cursar un grao na facultade no curso 2023-24.

Este cuestionario foi contestado por 256 estudantes, dos que 37 están matriculados no GLLG. Destes datos podemos deducir que a motivación maioritaria polos graos de Filoloxía son a afección pola lingua e a lingüística (61%) e a afección pola literatura (48%). En canto á actividade que prefiren realizar ó rematar a titulación a maioritaria é a docencia tanto no ensino medio (75%) coma na universidade (33%), seguido de tradución (32%).

O centro procurou contribuír ó aumento na participación nas enquisas de satisfacción distribuídas pola ACMP a través de anuncios (información sobre o proceso de avaliación e as datas das enquisas) na pantalla informativa, con letreiros en lugares visibles e tamén a través da lista de distribución de correo electrónico do profesorado, onde se anima a todo o PDI a que lembre nas clases a importancia de participar.

Desde a coordinación do título do GLLG por medio das ferramentas da aula virtual de coordinación difundíuse información e documentos a todo o profesorado e estudantado do título. De maneira particular, os profesores das materias do GLLG ofrecéronlle información nas aulas ó alumnado sobre a necesidade da súa colaboración neste proceso de obtención de información. Seguindo as recomendacións da Comisión avaliadora do IRA 2021-22, propúxose e segue activa unha accións de mellora para coñecer a opinión sobre o título dos distintos grupos de interese (AM-02).

O Plan de Melloras do centro é o resultado do establecido no SGC da Facultade de Filoloxía e das reflexións de dos autoinformes da cada titulación e as propostas dos plans de melloras específicos.

Todos os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas desenvóléronse consonte o establecido no SGIC e as correspondentes normas.

Durante o curso 2022-23 non houbo ningunha queixa relacionada co GLLG.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A facultade de Filoloxía dispón do Manual do Sistema de Garantía de Calidade actualizado e tamén do Manual de procesos da facultade de Filoloxía.

No curso 21-22 o centro fixo os informes de Avaliación para a Renovación da Acreditación dos títulos de grao (IRA). En relación co GLLG o informe final do IRA foi aprobado na reunión da Comisión Académica do Grao de Lingua e Literatura Galegas do 09/05/2023. O 07/11/2023 recibíuse da ACSUG o informe favorable provisional, A Comisión académica decidiu non facer alegacións, pero si propuxo un plan de melloras que foron aprobadas na reunión da Comisión Académica do Grao o 17/11/ 2023.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGC da USC desde a modificación de 2018 dispón dunha nova estrutura de documentación en dous niveis:

- A) institucional e
- B) nivel de centro

Nos dous casos contan cun Manual do Sistema de Garantía de Calidade e cun Manual de Procesos que teñen a finalidade de asegurar a toma de decisións nos diferentes órganos responsables, a dispoñibilidade dos recursos necesarios e a mellora continua dos programas formativos e do propio funcionamento do sistema.

A facultade de Filoloxía dispón do Manual do Sistema de Garantía de Calidade e tamén do Manual de procesos da facultade elaborados e aprobados pola comisión de calidade da Facultade de Filoloxía o 07/07/2022, aprobados pola Comisión Permanente da Facultade de Filoloxía o 23/09/2022 e aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 07/10/2022

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tralaballo Fin de Grao ou Tralaballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Profesorado do título

No curso 2023-24 encargáronse da docencia no GLLG (materias de formación básica con contidos específicos do GLLG, do Maior e do Maior Plus) 16 profesores, que contan cunha experiencia investigadora e docente recoñecida e adecuada para desenvolver as súas tarefas na titulación.

Ademais, neste curso tiveron responsabilidades docentes un Investigador distinguido e tres persoas con contratos predoutorais, 1 do Ministerio, 1 da Xunta e 1 da USC. En relación con isto, debemos indicar que aínda que os contratados en formación con carga docente están titorizados e supervisados por un PDI, tamén interveñen na toma de decisións que teñen lugar nas reunións de coordinación das materias nas que participan como docentes.

Neste curso, incorporouse un novo Axudante Doutor que, co que se inicia unha etapa de necesaria renovación do cadro docente da titulación. Nese curso solicitouse tamén a convocatoria doutra praza de Axudante Doutor para impartir docencia neste grao.

O profesorado responsable das materias de 1º curso de formación básica ten ampla experiencia docente e investigadora como se pode comprobar polos datos que figuran no documento (2501098_E15_2023-24). Contaron ademais coa colaboración dun profesor e dunha profesora en formación, que achegan un espírito innovador, maior coñecemento do alumnado pola súa recente graduación e, en xeral, unha nova perspectiva sobre o proceso de ensino. A Comisión avaliadora do IRA 2021-22 recomendaba incentivar a participación do PDI no programa DOCENTIA, o que levou a propor unha acción de mellora para o curso 2023-2024, mais esta acción non puido

Grao en Lingua e literatura galegas

executarse debido a que este programa non está aínda activo na USC.

En relación coas características do profesorado no curso 2023-24, obsérvase unha situación de estabilidade ó longo destes últimos anos. Como se pode ver, a porcentaxe de PDI funcionario mantense ó redor do 70% (IN26G). Importante tamén é a porcentaxe de PDI doutor da titulación que se mantén estable por enriba do 80%. (IN25G) E por último, como se pode observar na táboa, a experiencia investigadora (PDI con sexenios sobre o total) supera o 90% nos últimos anos (IN24G).

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
PDI con sexenios sobre o total	89,36	86,67	88,24	89,29	90,91	92,86
PDI doutor sobre o total	87,74	88,35	87,76	84,47	84,55	85,71
PDI funcionario sobre o total	74,53	71,84	70,41	69,9	68,18	70,48

Sen dúbida estes datos son moi positivos, pero, non debemos esquecer que a porcentaxe de sexenios está relacionada co envellecemento do PDI non só na titulación, senón tamén na facultade e mesmo na universidade. É por iso que a USC está poñendo en marcha un plan de rexuvenecemento do PDI.

Formación do profesorado

Durante este curso o profesorado do GLLG participou en actividades de formación docente, fundamentalmente a través da oferta da USC e de seminarios específicos ofrecidos pola propia facultade. A porcentaxe de participación nos cursos foi a máis alevada dos últimos tres anos (20,59%) (5040 I6-I7 2023-2024).

Formación docente PDI	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
	18,90%	48,78%	45,90%	15,91%	13,64%	20,59%

Como se pode observar, estas actividades de formación docente tiveron unha ampla participación nos anos da crise sanitaria. O PDI necesitou neses anos apoio en formación para poder desenvolver as súas actividades docentes en liña. Parece bastante lóxico que nos anos seguintes a participación se reducira.

Participación do profesorado en programas de mobilidade

O profesorado do GLLG mantén activos programas de mobilidade no marco do programa Erasmus+ con universidades europeas (Irlanda, Reino Unido, Francia, Alemaña, Portugal) e españolas, no marco do programa SICUE.

Neste curso, produciuse un moderado aumento de mobilidade entre o profesorado da titulación. Nese curso efectuáronse 14 solicitudes de mobilidade exterior, especialmente a centros universitarios de fóra do EEES, das que foron concedidas axudas para a realización de 11 desas solicitudes, que foron as que finalmente se realizaron (IN.FAC.03).

Profesoras investigadoras e profesores investigadores visitantes

Durante o curso 2023-24 mantiveron estadias de investigación, con participación en actividades relacionadas coa docencia (por medio de charlas e conferencias), especificamente na área de Filoloxía Galega e no grupo de investigación FILGA, as seguintes profesoras e profesores:

1. Ângelo de Souza Sampaio (Universidade Federal da Bahia, Brasil)
2. Laura Lesta García (Middlebury College, Vermont, EE.UU)
3. Luke Bishop (University of Texas-Austin, EE.UU.)
4. Elisângela Santana dos Santos (Universidade do Estado da Bahia, Brasil)

Grao en Lingua e literatura galegas

5. Ana Garrido González (Universidade de Varsovia, Polonia)
6. Juan Manuel Fustes Nario (Universidade da República, Uruguai)
7. Marilucia Barros de Oliveira (Universidade Federal do Pará, Brasil)
8. Valéria Gil Condé (Universidade de São Paulo)

Actividades SEFORIN 2023-2024

Durante este curso realizáronse as seguintes actividades:

- Pasaxes. Seminario permanente de Teoría literaria e Análise cultural é unha iniciativa do grupo de investigación Teoría da Literatura e Literatura Comparada da Universidade de Santiago de Compostela: “Borges, obra y maniobras mediáticas (1976-1986 y posteridad)” no marco do proxecto de investigación «La inscripción de la memoria cultural en el espacio público: Estrategias de consumo institucional del pasado literario (1837-1978)» (PID2021-127259NB-I00, MCINN). Sala B13 da Facultade de Filoloxía os días 14 e 15 de decembro entre as 11:30 e as 13:30.
- Proxección do filme de César Souto, A Foreign Song (Premio á Mellor Película Española no Festival de Cinema de Gijón-FICX), e máis dunha breve conferencia do director na que procurará encadrar a poesía de Wallace Stevens, obxecto do filme, dentro das manifestacións artísticas do seu tempo. A actividade celebrarase no Salón de Actos da Facultade de Filoloxía. O vindeiro 14 de febreiro, entre as 16 e as 18,15 horas terá lugar unha actividade promovida pola Comisión Académica do Mestrado de Estudos da Literatura e da Cultura.
- Simposio Internacional “O que virá”. Conversas sobre literatura actual (e por nacer) que terá lugar os días 29, 30 e 31 de maio. O Simposio Internacional “O que virá” –homenaxe á ensaísta e profesora argentina Josefina Ludmer– é unha actividade académica e formativa na que os e as participantes exporán distintas perspectivas críticas e teóricas da literatura contemporánea, cun especial interese pola latinoamericana. As súas achegas fornecerán o debate sobre cuestións formais, tipolóxicas, editoriais, ecolóxicas, estéticas e culturais que están a adquirir unha maior presenza nos diferentes polisistemas literarios actuais. Persoa responsable: Prof. Paulo Gatica Cote.
- Pasaxes. Seminario permanente de Teoría literaria e Análise cultural. O especialista en estudos teatrais Jorge Dubatti (Universidade de Buenos Aires), impartirá a conferencia “Acontecimiento teatral y territorialidad”. O acto celebrarase na sala B03 da Facultade de Filoloxía o 6 de maio ás 12:00hs. Ademais, o mércores 8 de maio (12-14hs) o profesor Dubatti ofrecerá un seminario aberto ao PDI e ao alumnado de doutoramento e mestrado na sala B13 titulado “Filosofía del Teatro y Estudios Comparados de Expectación”. Persoa responsable: Prof. Paulo Gatica Cote.

Actividades de difusión da actividade investigadora

Charlas interactivas

- Visita e café con Laura Lesta García, do Middlebury College (Estados Unidos). 14 de setembro de 2023 no Instituto da Lingua Galega
- Visita e café con Cecília Farias, da Universidade de São Paulo (Brasil). 21 de setembro de 2023 no Instituto da Lingua Galega
- Visita e café con Angelo de Souza Sampaio, da Universidade Federal da Bahia (Brasil). 28 de setembro de 2023 no Instituto da Lingua Galega
- Visita e café con Juan Manuel Fustes Nario, da Universidad da República (Montevideo). 23 de outubro de 2023 no Instituto da Lingua Galega
- Visita e café con Luke Bishop, da University of Texas at Austin (EE.UU.). 30 de outubro de 2023 no Instituto da

Grao en Lingua e literatura galegas

Lingua Galega

- Visita e café con Marilucia Barros de Oliveira, da Universidade Federal do Pará (Brasil). 20 de novembro de 2023 no Instituto da Lingua Galega
- Visita e café con Víctor Bargiela Zotes, da Universidade Nacional de Educación a Distancia. 30 de xaneiro de 2024 no Instituto da Lingua Galega

Conferencias

- Conferencia de Víctor Bargiela Zotes, da Universidade Nacional de Educación a Distancia, Primeiras aproximacións ao estudo sociofonético da entoación nas Rías Baixas e na Costa da Morte. 30 de abril de 2024 no Instituto da Lingua Galega
- Conferencia de Luke Bishop, da University of Texas, "Na miña variedade, sen dúbida": identidades diversas dos neofalantes na provincia de Ourense. 30 de maio de 2024 no ILG
- Conferencia de Laura Lesta García, do Middlebury College, Recontar a transición en Galicia: o humorismo gráfico de "Can sen Dono". 27 de xuño de 2024 no ILG

Actividades formativas

Seminario Introdução aos estudos semântico-lexicais em língua portuguesa: perspectiva cognitiva socio-histórica, impartido pola profesora Elisângela Santana dos Santos. 16--18 de outubro de 2023 na Facultade de Filoloxía

- Ciencia Aberta e Humanidades Dixitais, 14 de novembro de 2023 na Facultade de Filoloxía
- Obradoiro Como mellorar a nosa técnica de expresión oral no ámbito académico, impartido por María Teresa Sanmarco Bande. 9 de abril de 2024 no Instituto da Lingua Galega
- Curso de verán da USC A lingua galega no século XXI: desafíos e fronteiras, 8-10 de xullo de 2024 no Concello de Ribeira
- Curso de verán da USC Arquivos, museos, lugares e xente: fontes para a ensinanza en humanidades, 15-16 de xullo de 2024 na Facultade de Xeografía e Historia
- Curso de verán da USC Humanidades Dixitais: recursos, ferramentas e servizos, 15-18 de xullo de 2024 na Facultade de Filoloxía

Congresos e simposios

- Simposio ILG 2023. Contacto de linguas: identidades e ideoloxías lingüísticas, 28-30 de novembro de 2023 na Facultade de Filoloxía
- II Congreso Internacional de Aplicacións da Lingüística de Corpus á Didáctica de Linguas, 13-14 de maio de 2024 na Facultade de Filoloxía.

Xornadas

- II Xornada sobre Variación e Cambio Lingüístico, 9 de outubro de 2023 na Facultade de Filoloxía
- Xornada A práctica do piropo nos novos tempos, con Ana Mancera Rueda (Universidade de Sevilla) e María Lameiras (Universidade de Vigo). 26 de outubro de 2023 no Instituto da Lingua Galega
- Xornada LingüísticaMente III. Diálogos entre a lingüística, a psicoloxía e a psicolingüística, 20 de decembro de 2023 no Instituto da Lingua Galega
- I Xeira CLARIAH-GAL, 2 de maio de 2024 na Facultade de Filoloxía

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e investigador e ó estudantado de todas as titulacións oficiais de grao, mestrado e doutoramento que se ofrecen no centro.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar o seu labor de apoio ó proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O persoal de Administración e Servizos está composto por:

Rama	Posto	Relación Contractual	Grupo/ Categoría
Administración	Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	Funcionario	C1/A2/A1
	Responsable de Asuntos Económicos	Funcionario	C1
	Secretaría de Decanato	Funcionario	C1
	Secretaría de Departamento	Funcionario	C1
	Postos base	Funcionario	C2
Servizos	Responsable do Punto de Atención, Información e Servizos	Laboral	Grupo 4
	Axudante Técnico de Servizos	Laboral	Grupo 4

Persoal de Administración e Servizos da Biblioteca da Facultade de Filoloxía

O persoal auxiliar da Biblioteca resulta suficiente para desenvolver as súas funcións e atender a todos os usuarios, tanto persoal docente e investigador como aos alumnos.

O persoal técnico co que conta nestes momentos a Biblioteca, resulta insuficiente para poder ofrecer todos os servizos necesarios, realizar as tarefas propias do posto e que sexa posible levar a cabo todas as melloras que ten previstas a Biblioteca, tanto de apoio a aprendizaxe como no eido do apoio a investigación.

Na actualidade, na Biblioteca, realízanse tarefas de proceso técnico dos fondos bibliográficos, labores

Grao en Lingua e literatura galegas

de información, referencia e difusión, así como formación de usuarios e asesoramento ao PDI.

Todo o persoal da Biblioteca conta co nivel de cualificación esixido.

A Institución ofrece posibilidades ao persoal da Biblioteca para actualizar os seus coñecementos e mellorar a súa formación, mediante a realización de distintos cursos.

O persoal da Biblioteca esta composto por:

Rama	Posto	Nº	Relación contractual	Grupo/Categoría
Biblioteca	Dirección da Biblioteca	1	Funcionario	A1/A2/CI
	Axudante Biblioteca	3	Funcionario	A2/CI
	Auxiliares Biblioteca	6	Funcionario	CI

En relación coa participación do PAS en actividades formativas, a súa participación vai en progresión ascendente ó longo dos anos o que demostra o seu interese en estar actualizados. Neste senso, é tamén importante salientar o nivel de satisfacción co seu traballo que é dun 4,04 (5040_INF.21_2023_2024). En canto ó grao de satisfacción coas actividades formativas neste curso é dun 7,98 sobre 10 (5040_INF.11_2023-2024).

Grao en Lingua e literatura galegas

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As actividades vinculadas coa docencia e a formación do GLLG desenvólense na Facultade de Filoloxía da USC. Todas estas actividades desenvóléronse durante o curso 2023-24 de xeito satisfactorio.

Os estudos de Grao propostos contan para o seu desenvolvemento coas instalacións da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Estas instalacións e equipamento deben ser compartidos cos demais estudos de grao e de posgrao. Os espazos e equipamentos dispoñibles son os seguintes:

Aulas de propósito xeral

O centro conta con 22 aulas de propósito xeral coa seguinte capacidade e equipamento:

Grao en Lingua e literatura galegas

Número	Capacidade	Equipamento
2	36 postos	Todas elas están equipadas con ordenador, proxector de vídeo, conexión física á internet e megafonía; ademais, 15 teñen TV e VHS, 10 contan con retroproxector e 12 con micro de solapa.
10	42 postos	
8	91 postos	
2	130 postos	

Aulas-seminario

A Facultade dispón de 6 aulas-seminario coa seguinte capacidade e equipamento:

Número	Capacidade	Equipamento
1	12 postos	Todas elas están equipadas con ordenador, proxector de vídeo, conexión física á internet e retroproxector; ademais, 2 dispoñen de TV e VHS.
4	24 postos	
1	40 postos	

Aulas e laboratorios con dotación específica

- 1 laboratorio de idiomas con capacidade para 20 persoas dotado co seguinte equipamento: unha rede informática (20 postos) con conexión física á internet, un servidor de medios con material didáctico variado, unha canle de audio / vídeo analóxico e dixital, software específico para a xestión do laboratorio.
- 1 aula de informática de uso docente, con capacidade para 18 persoas dotada cunha rede informática (19 equipos todos eles con conexión física á internet) e un proxector de vídeo.
- 1 sala de videoconferencia con capacidade para 24 persoas, destinada tanto á teledocencia como á celebración de todo tipo de reunións. Está equipada cun equipo de videoconferencia multipunto, dúas cámaras, tres proxectores de vídeo, unha pizarra interactiva, ordenador, etc

Espazos para traballo dos/as estudantes

- 1 aula de informática de acceso libre para todos os membros da Facultade. Está dotada con 32 ordenadores, todos eles con conexión física á internet, e unha impresora.

Outros espazos

- Sala de graos con capacidade para 120 persoas, equipada con ordenador, dous proxectores de vídeo, reprodutor de VHS e de DVD, retroproxector e megafonía.
- Salón de actos con capacidade para 420 persoas, equipado con proxector de vídeo e megafonía.

A Facultade conta con cobertura de rede sen fíos en todo o edificio, o que permite utilizar como zonas de traballo os vestíbulos, nos que hai dispostas mesas e tomas de corrente. Disponse de 2 ordenadores e outros tantos proxectores de vídeo portátiles, así como de dous carros con TV e VHS/DVD. Ademais, existe un servizo de reprografía nas instalacións da facultade, atendido por unha empresa concesionaria externa.

Grao en Lingua e literatura galegas

Biblioteca

A Biblioteca Universitaria (BUSC) conta cun dos seus puntos de servizo nesta Facultade, a Biblioteca de Filoloxía, que concentra os fondos específicos dos estudos vinculados tradicionalmente ao Centro. Esta biblioteca conta cos seguintes recursos e dotación:

- 162.374 volumes de monografías. A colección de bibliografía básica de alumnos, enciclopedias e dicionarios está en libre acceso
- 2.157 títulos de publicacións periódicas, todas elas en libre acceso. Delas 884 están abertas
- 2.671 m2 de superficie
- 474 postos de lectura
- 6.502 m lineais de estanterías, dos cales 2.068 están en libre acceso
- 7 ordenadores para consulta exclusiva do catálogo da BUSC
- 6 ordenadores para acceso á internet, bases de datos e catálogos
- 2 lectores / reprodutores de microformas
- 1 aparello de vídeo e televisión
- 2 fotocopiadoras
- Servizo de fotodocumentación e préstamo interbibliotecario
- Servizo de información e asistencia sobre localización de fondos e manexo do catálogo automatizado
- Servizo de adquisicións
- Servizo de préstamo
- Servizo de catalogación e proceso técnico

Ademais, a través da biblioteca do Centro pódese acceder, vía servizo de préstamo, a todos os fondos do catálogo da BUSC dispoñibles para consulta fóra de sala. A través da "BUSC dixital" ten acceso a numerosas bases de datos bibliográficas, revistas, sumarios e libros electrónicos, ben propios da BUSC ou ben do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

A biblioteca ofrece tamén servizos de formación de usuarios, tanto a nivel inicial para todos os estudantes que acceden por primeira vez á titulación, como, por petición dos usuarios, a cursos especializados dirixidos aos estudantes de máster e doutoramento, que se desenvolven nas súas instalacións.

Informe dos fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática dos títulos impartidos no Centro (Curso 2023-2024)

A Biblioteca da Facultade de Filoloxía é un centro de recursos de información que ten como misión dar apoio á aprendizaxe, á docencia e á investigación, facilitando o acceso e a difusión dos recursos de información.

A súa visión é ofrecer servizos de calidade que sirvan de apoio aos estudantes da facultade na súa formación e aos profesores e investigadores en todo o proceso de creación de coñecemento. Debe converterse nun centro activo de recursos que fomente o aprendizaxe e a investigación, aberto ao futuro e innovador. Debe ser visto como un espazo de inclusión e diversidade onde se fomente a aprendizaxe intercultural e a cooperación entre os

Grao en Lingua e literatura galegas

distintos membros da Facultade e de toda a comunidade universitaria.

Segundo o Regulamento de Réxime interno da Facultade de Filoloxía da USC (2020), “a Facultade de Filoloxía é un centro encargado do deseño, planificación da docencia, organización e xestión dos estudos conducentes á obtención de títulos académicos oficiais de grao e mestrado do ámbito dos estudos filolóxicos adscritos a ela “. A Biblioteca da Facultade de Filoloxía debe contribuír, apoiar e prestar os seus servizos para a consecución dos ditos obxectivos.

A Biblioteca de Filoloxía, presta os seus servizos aos seguintes usuarios e titulacións:

TITULACIÓNS	ALUMNOS	PROFESORES
Grao en Lingua e Lit. Españolas	307	52
Grao en Lingua e Lit. Galegas	224	45
Grao en Lingua e Lit. Inglesas	491	53
Grao en Filoloxía Clásica	57	33
Grao en Ling. e Lit. Modernas	292	
Máster Univ. en Est. Med. Europeos	31	
Máster Univ. en Est. da lit. e da Cultura	26	
Máster Univ. en Est. Ingleses Avanzados	28	
Máster Univ. en Lingüística Aplicada	13	
Máster Univ. Erasmus Mundus en Lexicografía	8	
TOTAL USUARIOS	1.448	179

As principais áreas de coñecemento representadas nos fondos da Biblioteca son:

Filoloxía Española, Filoloxía Francesa, Filoloxía Galega, Filoloxía Portuguesa, Filoloxía italiana, Filoloxía Románica, Filoloxía Alemá, Filoloxía Inglesa, Filoloxía Latina, Filoloxía Grega, Lingüística e Teoría da Literatura.

Os fondos bibliográficos da Biblioteca de Filoloxía están divididos en:

- Unha colección básica destinada ao estudo, composta principalmente, polas bibliografías recomendadas así como polos manuais de uso máis frecuente, os dicionarios e enciclopedias e os libros de lectura obrigatoria.

Esta colección ten presuposto propio, está situada na Sala de Lectura da Biblioteca e é de acceso directo para todos os usuarios. É a sección coñecida como Frecuente.

- Outra colección formada, principalmente, polas obras destinadas á docencia e investigación. Se adquieren co presuposto asignado nos orzamentos da BUSC e polos fondos destinados á adquisicións bibliográficas do diñeiro que transfere a facultade, dos proxectos de investigación e os presupostos dos departamentos.

Habería que destacar tamén, ademais dos libros que ingresan por compra na biblioteca, os numerosos donativos que recibe tanto de entidades, fundacións, persoais,....

No ano 2023 ingresaron na biblioteca da Facultade de Filoloxía un total de 1.970 monografías en papel.

Esta colección está situada no andar -1 e o seu acceso está restrinxido ao persoal autorizado. Unha pequena parte está tamén situada na Sala de lectura. No andar -1 están situadas tamén a maior parte das revistas pechadas en módulos compactos.

No andar 1 atópanse as publicacións periódicas, tanto en curso como algunhas canceladas, e o seu acceso é libre. No andar 2 atópanse a Sala de Investigadores coa Sección Reserva, a Cátedra Valente e a Cátedra Valle-Inclán. O acceso ás Cátedras está restrinxido.

As coleccións da Biblioteca, comprenden máis de 211.000 volumes de monografías e máis de 2.600 títulos de revistas, das que 161 están en curso de recepción.

Grao en Lingua e literatura galegas

Conta tamén con importantes bases de datos:

Acta Sanctorum, Brepolis, Linguistic on Language Behavior Abstracts (LLBA), Lion Literatura Online, Mirabile, MLA, Patrología Latina Database, Thesaurus Linguae Graecae (TLG) e Thesaurus Linguae Latinae (TLL).

Habería que destacar a importancia da biblioteca universitaria na formación académica, concibida como un espazo de aprendizaxe e onde o estudante atopa todas as ferramentas que vai manexar durante a súa vida universitaria e unha delas é a bibliografía recomendada.

Estas bibliografías están formadas por todas aquelas obras que os profesores recomendan nas guías docentes das materias de grao e máster que se imparten na facultade. A biblioteca facilitará aos alumnos o acceso aos documentos ou literatura fundamental que necesiten.

Os programas das materias para o curso 2023-2024 foron aprobados en Xunta de Facultade o día 2 de xuño de 2023.

A partir desta data, a biblioteca revisa estas materias e realiza unha selección de documentos de todo tipo, recomendados nas guías docentes, para proceder á adquisición das obras que non formen parte dos fondos da biblioteca, sobre todo no caso das bibliografías recomendadas.

Nas enquisas realizadas pola Biblioteca a finais de xuño ao PDI e alumnado do Centro, en relación co grao de satisfacción cos recursos ofrecidos, os resultados foron:

- o 81 % do alumnado expresa un grao de satisfacción de entre 7 e 10 (sobre 10) respecto á dispoñibilidade das bibliografías recomendadas polo profesorado na biblioteca.
- o 93% do alumnado cualifica entre 7 e 10 os recursos dos que dispón para os seus estudos.
- o 93 % dos alumnos cualifican á biblioteca cun 7-10.
- a valoración global da biblioteca, para o PDI, é de 9-10 para o 80%.

Condicións de accesibilidade

Tódalas instalacións xerais de uso docente reúnen condicións de accesibilidade adecuadas para persoas con discapacidade. Para garantir isto realizáronse numerosas reformas, que van desde a reserva e sinalización de prazas de aparcamento ata o acondicionamento dos aseos, a instalación de ramplas ou elevadores ou a adecuación dos ascensores. Mesmo así, unha parte dos despachos dos profesores e algunhas dependencias da biblioteca resultan inaccesibles para persoas con mobilidade reducida. Os problemas derivados desta situación afrontáronse mediante a busca de solucións particulares adecuadas para cada caso. De calquera modo, a Facultade considera que resulta imprescindible resolver estas deficiencias de maneira definitiva. Para iso solicitou reiteradamente dos órganos xerais de goberno da universidade a adopción de medidas correctoras. Estas finalmente incluíronse na programación plurianual de obras de reparación, ampliación e mellora das instalacións da USC.

Recursos en rede para a docencia

É relevante sinalar neste punto que a USC conta cun Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe que ofrece recursos para a elaboración de cursos virtuais a través do soporte WebCT.

Actividades PAT. Curso 2023-24

No curso 2023-2024 desenvolvéronse as actividades seguintes, previstas no PAT da facultade. O PAT foi revisado e actualizado pola CCC (publicado na páxina Web do centro):

- * Sesión de benvinda aos estudantes de grao de novo ingreso (9/09/2023).
- * Sesión de benvinda e orientación para estudantes de mestrados (por mestrado).
- * Actos de recepción dos estudantes alleos (16/9/2023).

Grao en Lingua e literatura galegas

- * Sesión informativa sobre o TFG para estudantes de cuarto curso (28/09/2022).
- * Actividades formativas para a elaboración e defensa dos TFG/TFM: Obradoiros (4 e 11/12/2022).
- * Sesión informativa sobre as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes (18/09/2023).
- * Sesión informativa sobre o programa de prácticas externas para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (19/09/2023).
- * Cursos de formación en competencias en información organizados pola biblioteca.
- * Sesión informativa sobre a oferta dos Mestrados do Centro, para o estudantado que está a cursar o último ano de Grao (20/4/2023).
- * Encontros con egresad@s. Camiños da Filoloxía (15, 16, 17 e 18 /4/2024).
- * Encontros con alumnado de cuarto (datas defensa TFG).

Participación no Programa PONTE

O profesorado da Facultade de Filoloxía impartiu 37 charlas temáticas noutros tantos centros de Bacharelato das catro provincias galegas. Contaron coa participación de dous profesores do Grao de Lingua e Literatura Galegas, que impartiron seis charlas en centros de Lugo, Ourense e Pontevedra.

Outros servizos. Valoración.

Os servizos de orientación académica, a través de xornadas de acollida e de recibimento, así como a información sobre aspectos académicos e de orientación profesional resultan apropiados para dirixir e orientar o alumnado.

As instalacións, equipamentos e recursos tanto materiais como humanos postos á disposición do alumnado son adecuados e suficientes, como o demostra a elevada taxa de éxito que se vén observando nos estudos realizados na Facultade de Filoloxía. Da mesma maneira, tamén se vén constatando que as instalacións e recursos das institucións e empresas en que se realizan as prácticas externas (editoriais, Real Academia Galega, Compañía da Radio e Televisión de Galicia, entre outras) resultan adecuadas para a adquisición das competencias requiridas.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Coa finalidade de dar conta dos resultados da aprendizaxe acadados polos titulados, presentamos a continuación a información tirada das enquisas realizadas no curso 2023-24. Incorpóranse os datos de cursos anteriores para poder reflexionar sobre a posible variación que estes datos presentan sobre o GLLG.

Docencia no grao. Grao de satisfacción coa docencia recibida

O grao de satisfacción coa formación recibida é moi similar ó longo dos 5 últimos cursos (IN46G), superando en case todos os cursos os 4 puntos sobre 5. Só no curso 2019-20 baixou esta valoración un pouco do 4 (3,91). Esta baixa cremos que estaría relacionada cos problemas que orixinou a pandemia do COVID. Este curso foi, sen dúbida, o máis duro polos cambios que houbo que afrontar para poder seguir coa docencia.

No curso 2023-2024 produciuse un notable incremento na porcentaxe de alumnado que respondeu a enquisa, chegando ao 57,99%, o que mostra que as accións levadas a cabo para incrementar a participación do alumnado nesta enquisa foron frutíferas.

Grao de satisfacción da docencia recibida por parte do alumnado	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
	4,1	3,91	4,03	4,3	4,18	4,20

É, polo tanto, unha valoración alta que se mantén no tempo e que, sen dúbida, resulta moi importante na valoración da propia titulación, así como na valoración do profesorado do grao.

Eficacia do plan de estudos e do proceso de aprendizaxe

Os datos que se ofrecen a continuación axudan tamén a valorar a eficacia do plan de estudos en relación co proceso de aprendizaxe. Estes son os indicadores que resultan máis ilustrativos

- *Taxa de éxito (IN35G)*

A relación entre o número de créditos que superou o alumnado e o número de créditos ós que se presentaron vai mantense ó longo dos anos por enriba do 80%. É tamén significativo que a porcentaxe de éxito se incrementa desde o primeiro ata o cuarto curso (un incremento que é tamén semellante nos cursos pasados).

Grao en Lingua e literatura galegas

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
1º curso	79,65	91,5	84,31	80,37	72,27	77.26
2º curso	87,68	96,19	82,42	77,49	81,95	83.52
3º curso	92,73	95,63	94,54	89,84	85,96	90.67
4º curso	91,82	97,02	94,17	96,92	91	88.82
Total (%)	85,79	94,32	87,83	85,16	82,2	85,13
Media facultade	86,32	92,99	87,28	84,49	84,12	85,30

- *Taxa de rendemento (IN34G)*

A relación entre o número de créditos superados e o número de créditos en que se matriculou o alumnado neste curso mellora respecto do ano anterior e sitúase no 74,2, case 4 puntos superior ao curso anterior.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
1º curso	64,86	81,48	78,18	68,48	60,46	62.82
2º curso	79,31	88,92	77,18	68,37	70,26	75.77
3º curso	85	90,8	91,05	81,36	78,19	83.54
4º curso	68,54	82,32	82,53	81,8	74,47	76.62
Total (%)	72,34	85,51	81,41	74,15	70,51	74,20
Facultade	73,67	83,69	77,92	72,84	72,69	75,50

- *Taxa de avaliación (IN36G)*

Con respecto á relación entre o número de créditos ós que se presentaron e o número total de créditos en que se matricularon, os valores correspondentes a este curso mantéñense altos, por riba do 85%, na liña dos cursos anteriores e en consonancia cos resultados do conxunto da facultade.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
1º curso	81,44	89,05	92,73	85,21	83,65	81.31
2º curso	90,45	92,44	93,65	88,22	85,74	90.72
3º curso	91,67	94,96	96,32	90,56	90,96	92.14
4º curso	74,65	84,85	87,63	84,4	81,84	86.27
Total (%)	84,33	90,66	92,69	87,08	85,78	87,15
Facultade	85,34	90,00	89,28	86,21	86,42	88,51

- *Taxa de graduación*

Grao en Lingua e literatura galegas

Relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso (IN37G). A taxa de graduación mantense en valores próximos á media da facultade, cun 46,21%, aínda que baixou respecto dos dous últimos cursos (IN37CG), como no conxunto da facultade:

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en Filoloxía Clásica	46,15	60,00	37,04	15,63	34,62	21,21
Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]	50,00	43,59	50,00	58,54	63,04	60,00
Grao en Lingua e literatura galegas	38,46	48,00	25,00	57,45	56,41	46,81
Grao en Lingua e Literatura inglesas	50,54	60,64	64,84	65,88	63,53	62,24
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	42,86	34,92	28,13	27,42	25,40	33,33
Total	46,89	49,79	45,97	48,31	50,19	48,10

- *Traballos de fin de grao*

No curso 2023-24 ofertáronse 79 TFG. Houbo 53 estudantes que solicitaron liña e titor/a. Destes defenderon e superaron o TFG neste curso 40 estudantes. A porcentaxe de traballos presentados e superados sobre o total dé un 75%, o que parece unha porcentaxe aceptable, se consideramos que unha parte relevante dos que finalmente non son presentados obedece a que as e os estudantes non conseguen rematar o grao nese cuadrimestre e optan por deixar para o semestre seguinte a realización do traballo final. De todos os xeitos, cabe destacar que a taxa de éxito do alumnado presentado é do 100% e con cualificacións medias elevadas.

Coma no cursos anteriores, a facultade realizou unha enquisa sobre o TFG entre alumnado, aínda que o número de respostas non é baixo (4 respostas desta titulación), cremos que se pode tirar algunha información útil. Estes datos indícanos que, maioritariamente, o alumnado prefere a TFG actual antes que calquera outra alternativa (100% de respostas). Tamén se pode constatar que todos defenderon e superaron o TFG na 1ª convocatoria e a maioría (3 de 4) na oportunidade de xullo.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

A oferta de prazas deste curso é igual ca dos anteriores (50), pero é importante salientar a elevada demanda (185 solicitudes) (2501098. INF.CIUG_2023_24). O número de matriculados foi de 46, cando nos anos anteriores se cubrían todas as prazas. Estas variacións poden obedecer ás oscilacións percibidas no mercado de traballo, especialmente coas convocatorias de prazas de profesorado de ensino secundario.

Ó mesmo tempo que se cobren todas as prazas ofertadas, tamén é importante salientar que a nota media de entrada mantén unha tendencia á alza con pequenas flutuacións. Véxase que para este curso a nota media de entrada é a máis alta dos últimos seis anos

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en Lingua e literatura galegas	8,58	8,97	8,79	9,16	8,89	9,53

A isto é importante engadir que 60 alumnos/as solicitaron o GLLG como primeira opción deles o 87% (40) formalizaron a súa matrícula. A porcentaxe de estudantes que entraron na titulación cunha nota igual ou superior a seis é do 95,83 superior á de 2022-23 (91,3%). Desde o curso 2019-20 a porcentaxe de estudantes con nota igual ou superior a 6 está por enriba do 90%.

Resultados

A valoración dos resultados fíxose a partir da información que nos consta nestes cursos sobre o percorrido académico e laboral do alumnado. En 6.1 ofrécese tamén información sobre o outros índices que completa a valoración xeral dos resultados (Taxa de éxito, taxa de rendemento, etc).

Taxa de graduación

A taxa de graduación (IN37G) (relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis) é de 46,48%, dez puntos por debaixo da do curso anterior. En xeral, ó longo dos últimos anos constatouse un incremento sostido, agás o curso 2020-21 cun 25%, interrompido por este ano en que se reduciu.

Taxa de graduación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	38,46	48,0	25,0	57,45	56,41	46,48

Taxa de idoneidade na graduación

A taxa de idoneidade na graduación (IN51G) expresa a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os

Grao en Lingua e literatura galegas

estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes.

Taxa de idoneidade na graduación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	38.46	24.0	16.67	43.59	29.79	32.0

Duración media dos estudos

A duración media dos estudos (IN38G) presentaba un descenso continuado para aproximarse á duración prevista na MV da titulación, mais neste ano a media volveu a niveis de hai catro anos, cun ascenso de varias décimas.

Duración media dos estudos	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	5.4	4.67	4.59	4.37	4.26	4.64

Taxa de abandono RD1393/2007

Os datos constatan que, para este curso, a taxa de abandono RD1393/2007 (IN41G) mantense na liña dos anos anteriores, cun lixeiro descenso respecto do ano anterior. Se consideramos excepcional o dato do curso 2020-21, xustificado no informe 20-21, os datos dos tres últimos cursos mantéñense e, en todo caso, presentan unha certa melloría en relación cos cursos anteriores.

Taxa de abandono RD 1393/2007	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	50.0	40.0	66.67	27.66	33.33	27.66

En relación coa taxa de abandono no primeiro curso (IN40G), as cifras melloraron nos últimos cursos, en que se foron situando por debaixo do 20% e chegando no curso 2023-24 ao 15%.

Taxa de abandono durante o 1º curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	54.17	14.89	23.08	17.02	18.0	15.0

Taxa de éxito dos egresados

A taxa de éxito dos egresados (relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ó longo da titulación no que foi egresado e o número total de créditos ós que se presentou) (IN50G). Neste índice podemos ver que nos últimos anos se mantén amplamente por riba do 90%.

Taxa de éxito dos egresados	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	85.68	85.92	92.48	94.63	98.05	93.37

Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)

Con respecto á taxa de eficiencia dos egresados (IN53G) obsérvase un incremento durante os últimos anos, en que se sitúa por riba do 90%.

Taxa de eficiencia dos egresados	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	85,68	85,92	88,51	92,54	96,55	90.44

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información que se expón neste apartado está tomada das respostas recollidas nas enquisas ó alumnado do GLLG. O número de alumnos/as participantes nestas enquisas nos últimos situábase por debaixo do 20% nos anos anteriores, e por esa razón, seguindo as recomendacións da Comisión avaliadora do IRA 2021-22, propúxose e está activa unha acción de mellora (AM-04). Os efectos desa acción de mellora deron un bo resultado esta ano, de maneira que a porcentaxe de resposta á enquisa chegou ao 57,99% (IN48G), o máis alto de sempre. Non obstante, mantemos que é preciso seguir con accións que favorezan e estimulen a participación do alumnado nestas enquisas, para seguir mantendo uns niveis elevados de resposta.

Estudantes

Satisfacción coa docencia recibida

A valoración mantense nuns índices semellantes ós dos anos pasados, lixeiramente superior á media da rama de coñecemento Artes e Humanidades (4,16) e do conxunto da universidade (4,13). Se observamos polo miúdo a enquisa, constátase que a valoración media está en todos os ítems por enriba ou moi próxima ao 4. Neste curso os ítems máis valorados están relacionados co cumprimento da programación e coa atención outorgada ó alumnado (2501098_INF.13_2023_24).

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	4,1	3,91	4,03	4,3	4,18	4,2

Satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade

Neste cursos participaron nos programas de mobilidade 5 alumnos (2501098_INF.3_2023_24). Cun grao de satisfacción do 3,31 (IN15G).

Satisfacción co programa de prácticas externas

Neste curso o grao de satisfacción por parte do alumnado coas prácticas externas é moi positiva (4,59 sobre 5) (2501098_INF.06_PLN.TCNT.PRC.RD1393_20072023_2024). Tamén é excepcional a valoración por parte dos titores/as profesionais cun 4,6 sobre 5 (IN20G). Non temos datos sobre a satisfacción por parte dos titores/as académicos. É de notar que nos últimos anos a porcentaxe de alumnado egresado que realizou prácticas en

Grao en Lingua e literatura galegas

empresas e institucións se mantén relativamente elevado, e neste curso superou o 25% (IN22G).

Profesorado

Satisfacción coa docencia impartida

No curso 2023-24 a satisfacción do profesorado (IN47G) coa docencia impartida mantense nos niveis altos dos últimos anos (4,24). A participación do profesorado foi do 43,90% no curso 2023-24 (2501098_INF.13_2023_24). Neste INF.14 a mellor valoración amósase en dous ítems relacionados co trato correcto mantido cos estudantes e coa súa accesibilidade nas aulas e nas titorías (4,94 e 4,86 respectivamente).

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Total	4,18	4,14	4,09	4,19	4,29	4,24

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Non están ó noso dispor datos cos que revisar a valoración sobre inserción laboral presentada nos cursos precedentes. A información dispoñible é o Informe de Inserción Laboral para a cohorte de 2017-2018 (EIL1718) (http://www.acsug.es/sites/default/files/23965_sug_eil1718_informe-1-1.pdf), que mostra resultados moi positivos para o Sistema Universitario Galego. Non obstante, non existen datos parcializados por graos e os que existen non son representativos polas exiguas dimensións da mostra.

Con respecto a este criterio é preciso facer constar que tanto o centro coma a coordinación do grao a través dos portais web e das redes sociais difunden información sobre as convocatorias públicas de contratación que poidan ser de interese para os/as graduados/as. De maneira especial, faise difusión das convocatorias de contratos en centros de investigación ligados ó Sistema Universitario Galego.

Grao en Lingua e literatura galegas

3. <u>MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS</u>	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Non houbo modificacións	

Grao en Lingua e literatura galegas

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	URL do título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501098_P.Ind_2023-2024
			2501098_INF.16_2023-2024
			2501098_INF.CiUG_2023-2024

Grao en Lingua e literatura galegas

1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	2501098 _I2_ 2023-2024
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501098 _P.Ind_ 2023-2024
			5040 _INF.03_ 2023-2024
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	URL da USC
			URL do Centro
			URL do título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	URL do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedimentos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	URL do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	URL do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501098 _P.Ind_ 2023-2024
			2501098 _INF.04_ 2023-2024
			5040 _INF.05_ 2023-2024

Grao en Lingua e literatura galegas

			2501098_INF.06_2023-2024
			2501098_INF.07_2023-2024
			2501098_INF.08_2023-2024
			2501098_INF.09_2023-2024
			5040_INF.10_2023-2024
			5040_INF.11_2023-2024
			2501098_INF.13_2023-2024
			2501098_INF.14_2023-2024
			5040_INF.21_2023-2024
			2501098_INF.22_2023-2024
			2501098_INF.23_2023-2024
			2501098_Informe_de_indicadores_2023-2024
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501098_P.Ind_2023-2024
			2501098_Informe_de_indicadores_2023-2024
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501098_E15_2023-2024
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5040_E16_2023-2024
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2023-2024
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da	5040_I6-I7_2023-2024

Grao en Lingua e literatura galegas

		universidade e en actividades formativas específicas	
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2501098_INF.13_2023-2024
			2501098_INF.14_2023-2024
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5040_I10_2023-2024
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	URL do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	URL do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2501098_INF.15_2023-2024
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de	2501098_P.Ind_2023-2024

Grao en Lingua e literatura galegas

		forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501098_INF.17_2023-2024
			2501098_INF.18_2023-2024
			2501098_INF.19_2023-2024
			2501098_INF_SIIU_2023-2024
			2501098_Informe_de_indicadores_2023-2024
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501098_P.Ind_2023-2024
			2501098_INF.CiUG_2023-2024
			2501098_Informe_de_indicadores_2023-2024
7	I14	Resultados de inserción laboral	2501098_EIL-SIIU_2023-2024 2501098_EIL-ACSUG_2023-2024
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2501098_P.Ind_2023-2024 2501098_Informe_de_indicadores_2023-2024 2501098_MedUSC_cursocelda

*Ver la información pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guía de seguimiento/acreditación, pag 35).

AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Lingua e literatura galegas

Grao en Lingua e literatura galegas

- Plan de Melloras

- Abertas Curso 2023-2024

- Criterio 1 - Organización e desenvolvemento

- Criterio 2 - Información e transparencia

- [GLLG AM-02](#)

- Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade

- Criterio 4 - Recursos humanos

- [GLLG AM-03](#)

- Criterio 5 - Recursos materiais

- Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe

- Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

- [GLLG AM-04](#)

- Outros Criterios

- Finalizadas Curso 2023-2024

- Criterio 1 - Organización e desenvolvemento

- [GLLG AM-01](#)

- Criterio 2 - Información e transparencia

- Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade

- Criterio 4 - Recursos humanos

- Criterio 5 - Recursos materiais

- Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe

- Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

- Outros Criterios

Grao en Lingua e literatura galegas

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	GLLG AM-01 (Curso 2023-2024)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	A Comisión avaliadora incide na necesidade de tramitar as modificacións realizadas sobre a Memoria Verificada do título e anima á titulación a considerar posibles novas modificacións como a reubicación de materias tendo en conta as opinións manifestadas por disitntos grupos de interese
Definición/ descrición proposta	Tramitación de modificacións na Memoria Verificada do título
Datas	Finalización: 31/12/2024 ; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non eficaz; Data Estado: 16/05/2024
Responsables	--
Comprobación Acción	GLLG AM-01
Descrición Comprobación	--
Data Comprobación	30/04/2025
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa 1	GLLG AM-01.01

Grao en Lingua e literatura galegas

Descrición tarefa	Tramitación das modificacións realizadas sobre a Memoria Verificada do título xa aprobadas
Data prevista de finalización	31/12/2024
Responsable	--
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	GLLG AM-01.01 Comprobación Nº 1
Descrición Comprobación	--
Data Comprobación	30/04/2025
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Comprobación Tarefa	GLLG AM-01.01 Comprobación Nº 2
Descrición Comprobación	A tramitación foi efectuada en setembro de 2024
Data Comprobación	07/05/2025
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa 2	GLLG AM-01.02
Descrición tarefa	Elaboración dun protocolo para o debate e proposta (se se chegara a considerar procedente) de posibles modificacións na Memoria Verificada
Data prevista de finalización	31/12/2024

Grao en Lingua e literatura galegas

Responsable	--
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	GLLG AM-01.02 Comprobación Nº 1
Descrición Comprobación	--
Data Comprobación	30/04/2025
Incidencias	Non se produciron incidencias.
Axustes/Novas Tarefas	--
Comprobación Tarefa	GLLG AM-01.02 Comprobación Nº 2
Descrición Comprobación	Elaborouse un protocolo a partir a aprobación na Comisión de Calidade da Facultade a apertura dun prazo para a presentación de propostas de modificación ata a primavera de 2024 (reunión do 23 de outubro de 2023) e da apertura dun proceso de reflexión sobre as modificacións substanciais de grao (reunión de 21 de novembro de 2023). Posteriormente creouse un grupo de traballo (4 de decembro de 2023) para a discusión e elaboración de modificacións substanciais da oferta académica da facultade no nivel de grao. A partir de aí, constituíuse un grupo de traballo do GLLG, que elaborou propostas de modificacións tanto substanciais como non substanciais, que foron discutidas e aprobadas pola Comisión do Grao, pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Facultade.
Data Comprobación	07/05/2025
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

Grao en Lingua e literatura galegas

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	GLLG_AM-02 (Curso 2023-2024)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia
Análise causa	A comisión avaliadora incide na necesidade de coñecer a opinión sobre o título dos distintos grupos de interese (profesorado e alumnado) e sobre a necesidade de abrir novos canles de información co alumnado
Definición/ descrición proposta	Posta en marcha de reunións periódicas co profesorado e co alumnado
Datas	Finalización: 24/07/2025 ; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	Maria Sol López Martínez, Rubén José Regueira Gay, Comisión de Título
Tarefa 1	GLLG AM-02.01
Descrición tarefa	Realización de reunións cos grupos de interese para coñecer o seu grao de satisfacción coa titulación e para informar das actividades vinculadas ó Plan Acción Titorial
Data prevista de finalización	30/06/2025
Responsable	Comisión de Título
Estado	Activa

Grao en Lingua e literatura galegas

Comprobación Tarefa	GLLG AM-02.01 Comprobación Nº 1
Descrición Comprobación	Durante os cursos 2023-2024 e 2024-2025 veñen realizándose reunións periódicas (unha por semestre) co alumnado en xeral e tamén co profesorado e coas representantes do alumnado para coñecer información da marcha do curso, incidencias e o seu nivel de satisfacción coa docencia. A información sobre as accións do Plan de Acción Tutorial son difundidas de maneira sistemática a todo o profesorado e alumnado da Facultade e, en particular, a través do Campus Virtual da Coordinación do Grao. A tarefa segue activa e continuarase nos próximos meses.
Data Comprobación	06/05/2025
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa 2	GLLG AM-02.02
Descrición tarefa	Elaboración de informes que recollan as conclusións das reunións cos grupos de interese
Data prevista de finalización	21/07/2025
Responsable	Comisión de Título
Estado	Activa
Comprobación Tarefa	GLLG AM-02.02 Comprobación Nº 1
Descrición Comprobación	Elaboráronse informes sobre as opinións do alumnado. Pendente de elaborar os informes máis completos do conxunto de reunións.
Data Comprobación	05/05/2025

Grao en Lingua e literatura galegas

Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

■ Plan de Melloras

■ Abertas Curso 2024-2025

■ Criterio 1 - Organización e desenvolvemento

■ [GLLG_AM-01](#)

■ Criterio 2 - Información e transparencia

■ Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade

■ Criterio 4 - Recursos humanos

■ Criterio 5 - Recursos materiais

■ Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe

■ Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

■ Outros Criterios

Grao en Lingua e literatura galegas

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	GLLG_AM-01 (Curso 2024-2025)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	A partir das reunións con alumnado e profesorado do GLLG, detectáronse necesidades de efectuar modificacións na oferta académica do título, con modificacións non substanciais e, posiblemente, tamén substanciais, como a substitución de certas materias por outras ou a reorganizacións de certos contidos para conseguir mellorar a formación do estudiantado graduado.
Definición/ descrición proposta	Realizar unha proposta de modificación do GLLG
Datas	Finalización: 30/05/2025 ; Inicio: 09/09/2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	--
Tarefa 1	GLLG_AM-01.01
Descrición tarefa	Celebrar reunións co profesorado do grao e coas representantes do alumnado para avaliar a necesidade ou a conveniencia de levar a cabo reformas na oferta académica do GLLG.
Data prevista de finalización	31/10/2024
Responsable	--

Grao en Lingua e literatura galegas

Estado	Activa
Tarefa 2	GLLG_AM-01.02
Descrición tarefa	Revisar os contidos, coñecementos, habilidades e competencias, así como a secuenciación de materias nos diferentes semestres e cursos do GLLG.
Data prevista de finalización	02/12/2024
Responsable	--
Estado	Activa
Tarefa 3	GLLG_AM-01.03
Descrición tarefa	Elaborar unha proposta de modificacións substanciais e non substanciais do grao e sometela á aprobación da Comisión do Grao para a súa subscuente tramitación.
Data prevista de finalización	31/03/2025
Responsable	--
Estado	Activa

Grao en Lingua e literatura galegas

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	GLLG_AM-03 (Curso 2023-2024)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 4 - Recursos humanos
Análise causa	A comisión avaliadora recomenda incentivar a participación do PDI no programa DOCENTIA cando sexa convocado pola USC
Definición/ descrición proposta	Compromiso de elaboración dun protocolo para incentivar no prosible a participación do PDI da titulación no programa DOCENTIA cando sexa convocado pola USC.
Datas	Finalización: -- ; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	María Sol López Martínez

Grao en Lingua e literatura galegas

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	GLLG AM-04 (Curso 2023-2024)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Escasa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción
Definición/ descrición proposta	Propoñer ó profesorado a posibilidade de destinar uns minutos de clase para que aqueles/as estudantes que o desexen realicen a enquisa de satisfacción coa docencia recibida.
Datas	Finalización: 18/07/2025 ; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	Xosé Luís Regueira Fernández, Comisión de Título
Comprobación Acción	GLLG AM-04
Descrición Comprobación	A tarefa foi realizada satisfactoriamente. Enviáronse correos ao profesorado para que dedicase uns minutos para a realización das enquisas. Os resultados mostran que estas accións foron eficaces, polo que serán mantidas nos anos próximos: a participación do alumnado pasou do 17.94% no curso 2022-2023 ao 57,99% no curso 2023-2024. Por esta razón, propónse manter esta acción de mellora no próximo curso para manter un nivel elevado de resposta á enquisa.
Data Comprobación	05/05/2025
Incidencias	--

Grao en Lingua e literatura galegas

Axustes/Novas Tarefas	--
-----------------------	----